

Sombras de Vichy

Céline, 50 anos despois

JOAQUIM VENTURA

Prexuízos e literatura non son vos compañeiros. Eu coñecía vagamente a Álvaro Cunqueiro polas lecturas dominicais do semanario *Destino* que mercaba o meu avó materno. Quedou como unha vaguedade do meu tempo de neno. Porén, cando coñecín á que foi a miña primeira muller, viguesa de berce aínda que non galega de liñaxe, tamén coñecín algúns escritores de Galicia. Un día pregunteille porqué non tiña nada de Cunqueiro entre os seus libros. Respostoume, coa contundencia que dá a ideoloxía na mocidade, que era "un facha." Uns anos despois, nun camping na ría de Vigo, eu rematara de ler os libros que levaba de vacacións. Pasei polo posto de prensa do camping e merquei *Merlín e familia*, en castelán, e a aquilo foi descubrir outro mundo, sen prexuízos.

Por iso as prevencións verbo do pensamento soen agochar tamén un fanatismo. Negarlle a alguen o seu valor artístico pola súa adscripción ideolóxica é caer nunha discriminación. Empobrecedora, como todas. E moito diso aínda ten que aturar aínda Louis Ferdinand Céline, sen dúbida un dos mellores escritores franceses do século XX, cando se cumpren cincuenta anos da súa morte.

**Colaboracionista
coa ocupación nazi,
fixo dos xudeus a
cerna da disolución**

Céline coñeceu de ben novo, coma tantos outros franceses, os horrores da guerra cando serviu nun reximento de cabalería. Gravemente ferido nun brazo, padeceu secuelas diversas o resto da súa vida. Estudiu medicina, especializouse en hixiene e, integrado na Sociedade de Nacións, tivo ocasión de viaxar por diversos países.

En 1932 publicou a súa primeira novela, *Viaxe ao fondo da noite*, con grande éxito de vendas. Eran aqueles uns anos de efervescencia política e social e de sectarismo ideolóxico. Non valían as medias tintas: ou eras patriota ou eras internacionalista; ou eras conservador ou eras revolucionario. E Céline levou o nacionalismo conservador, herdeiro do pensamento de Action Française, con todas as consecuencias. E en defensa da integridade da tradición, da


lingua e da cultura de Francia fixo dos xudeus a cerna da disolución.

Colaboracionista coa ocupación nazi, foi condenado a morte en ausencia despois da Segunda Guerra Mundial. Regresado a Francia, pasou un ano na cadea ata obter o perdón definitivo. Porén, a expresión das súas ideas contra os xudeus non deixa de ser unha denuncia daquela Francia que non se incomodou coa presenza das tropas de Adolf Hitler. Os seus tres panfletos antixudeus foron publicados antes da ocupación e seguen a ser -malia os altos prezos a que cotizan- obxecto de compravenda nas librarías de vello de París.

E se seguen a circular sen ter sido reeditados desde a guerra é sinal de que foron libros de éxito, con edicións de millares de exemplares. Demostración de que aquela Francia do goberno de Vichy era un país real, non unha simple entelequia dalgúns seareiros interesados en tirar proveito dos alemáns. Unha Francia autoamnésica, vítima do seu patriotismo para condenar aos internacionalistas por excelencia, os xudeus. Mais Céline tamén foi el mesmo vítima do pensamento imposto polos que sobreviviron á Shoah, ao Holocausto: se os verdugos son os malos, as vítimas automaticamente pasan a gozar do privilexio da bondade.

A viúva de Céline, Lucette Almanzor, conseguiu que os tribunais secuestrasen en 1975 unha obra que reproducía algunhas páxinas de *Les beaux draps*, un dos panfletos antixudeus e en 1982 tamén obtivo a retirada en Italia de *Bagatelles pour une massacre* (con *L'École des cadavres* forman a triloxía). Porén, o editor de Céline en La Pléiade, Henri Godard, opinaba que resultaba imposible esquecer a dada a notoriedade do seu autor. Nos nosos días é doado poder lelos completos na rede.

No remate da súa vida Céline escribiu *Norte*, unha novela con riscos autobiográficos dos seus anos de fuxida en Alemaña. Nela non se xustificaba, non alegaba, simplemente reflexionaba. E facíao desde a súa condición de dandi influído polo medo á masa, á chusma, que proclamara Nietzsche. No fondo consideraba que os ricos -e os ricos sen patria eran xudeus- movían os fios en proveito propio, cos pobres como carne de canón ou man de obra. E Céline escribiu violento contra esa grade estafa.



Louis-Ferdinand.
Céline (1894-1961)

A anormalidade histórica e política que padeceu España desde a caída da monarquía ata a restauración da democracia impediu que algúns escritores fosen deixados en evidencia polo seu pensamento. Se comezamos polo máis cercano, Vicente Risco, atoparíamos similitudes con Céline, se ben a séculos luz da súa calidade literaria. O ourensán partillaba co francés o seu noxo pola masa, proletaria ou burguesa, desde o diletantismo e as torres de almas.

O catalán Josep Vicent Foix, poeta de vangarda en canto ás formas nos anos trinta, disimulou co seu compromiso catalanista as simpatías que tiña polo

nacionalismo conservador de Charles Maurras e a súa Action Française. Simpatías das que tamén participaba Fernando Pessoa, paradigma da modernidade portuguesa anterior ao salazarismo.

Artistas todos eles que, desde

campo de xogo para sublimar a exquisitez cultural.

Mais a propia pusilanimidade salvounos da brutalidade directa. Nunca poderían seren homes de acción e menos militar en formacións de masas. Mais os lectores de agora non poden esquecer que esa exquisitez era o contrapunto a certas complicidades, malia que eses artistas ficasen á marxe do estatus autoritario oficial por resultar incómodos ata certa punto.

Non podemos simplificar: nin alcumar a Vicente Risco de fascista nin seguir empregándoo de loureiro para aromatizar todos os guisos. Se non se afasta o gran da palla, dificilmente se fai pan.

Os nosos Célines

as limitacións pequenoburguesas, fixeron do elitismo estético unha vía de redención persoal. Fronte á vulgaridade das dereitas ou das esquerdas (tan matoños eran os membros das SA, os Camelots du Roi ou da Falange Española como da FAI), atoparon na tradición identitaria o